

## SOLUCIÓN DE EJERCICIOS FASE 3.3

### Agora tócache a ti. Opción A: Investigacións

O INE (Instituto Nacional de Estadística) está a facer un estudo sobre o número e valor de pisos en venda. Nunha mesma mazá dunha cidade atopei 5 pisos á venda e os seus prezos son: 250.000 €, 370.000 €, 157.000 €, 75.000 €, 193.000 €.

a) Cal é a diferenza de prezo entre o máis caro e o máis barato? Cal pode ser o motivo destas diferenzas de prezo? Pensa e escribe 3 posibles motivos.

$$370.000 - 75.000 = 295.000 \text{ €}$$

Exposición na aula dos posibles motivos.

### Agora tócache a ti. Opción B: Vivenda pública

O goberno dunha Comunidade Autónoma quere comprar pisos antigos para reformalos e polos en aluguer para xente nova. Nunha primeira fase comprou 4 pisos nos arredores dunha cidade de tamaño mediano e pagou o seguinte:

- Piso 1: 35.000 €
- Piso 2: 47.000 €
- Piso 3: 57.000 €
- Piso 4: 32.000 €

Acordaron cunha empresa de reformas que a reforma de cada piso custará 30.000 €.

a) Canto se gastará a Xunta na compra dos inmobles?

$$35.000 + 47.000 + 57.000 + 32.000 = 171.000 \text{ €}$$

b) Canto se gastará se temos en conta as reformas?

$$171.000 + 30.000 \times 4 = 291.000 \text{ €}$$

### Agora tócache a ti. Opción C: A lotaría

A Antón e Andrea, que son parella, tocoulles a lotaría e queren comprar un piso para cada un do seu catro fillos/as. Eles e elas xa escolleron o que quere cada un/a:

- O de Inés custa 168.000 €
- O de de Pablo custa 240.000 €
- O de Andrés, 310.000 €
- O de Xiana, 150.00 €

a) Canto diñeiro gastaranse os pais en total en pisos para os seus fillos e fillas?

$$168.000 + 240.000 + 310.000 + 150.000 = 868.000 \text{ €}$$

b) Como queren darlles a cada un e mesmo diñeiro, a diferenza entre o que vale cada piso e o piso máis caro darano en efectivo a quen lle corresponda. Calcula canto diñeiro daranlle a cada irmán/irmá en efectivo.

- A Inés:  $310.000 - 168.000 = 142.000 \text{ €}$
- A Pablo:  $310.000 - 240.000 = 70.000 \text{ €}$
- A Andrés:  $310.000 - 310.000 = 0 \text{ €}$
- A Xiana:  $310.000 - 150.000 = 160.000 \text{ €}$